# Orientación académica 2º e 3º de E.S.O



I.E.S PLURILINGÜE TERRA TURONIO

# Esquema Sistema de Educación: LOMCE



# E despois de 2º....Que?



Neste intre tedes que tomar decisións importantes que poderán condicionar o que escolleredes en cursos posteriores, é dicir o voso itinerario formativo.

# Materias de 3º de ESO

- ✓ Bioloxía e Xeoloxía (2 horas)
- ✓ Física e Química (2 horas)
- ✓ Xeografía e Historia (3 horas)
- ✓ Lingua Galega e Literatura (3 horas)
- ✓ Lingua Castelá e Literatura (3 horas)
- ✓ Primeira Lingua Estranxeira: inglés (3 horas)
- ✓ Educación Física (2 horas)
- ✓ Música (2 horas)
- ✓ Tecnoloxía (2 horas)
- ✓ Educación Plástica e Audiovisual (2 horas)
- ✓ Titoría (1 hora)

# Materias de 3º de ESO

Elixir unha entre:

- ❑ Valores Éticos (1 hora)
- ❑ Relixión (1 hora)

Debes decidir por unha materia ou outra, non ten por que ser a mesma que elixiches neste curso.

# Materias de 3º de ESO

## Elixir unha entre:

- Segunda Lingua Estranxeira: Francés ou Portugués (2h)
- Cultura Clásica (2 horas)

Podo elixir francés ou Portugués se non a cursei en 1º e en 2º?

Se non cursaches a materia de Primeira Lingua Estranxeira (francés ou portugués) porque recibiches Reforzo no seu lugar, entón non debes escollela en 3º. Pensa que non contas cos coñecementos previos para superar dita materia en 3º.

De que trata a materia de cultura Clásica? Estudarás as civilizacións grega e latina. Consulta no seguinte enlace

https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/es/ccl

# Materias de 3º de ESO

## Elixir unha entre:

- Matemáticas académicas (4h) (orientadas cara o itinerario de ensinanzas académicas de 4º de ESO). Se pensas facer BACHARELATO
- Matemáticas aplicadas (4h) (orientadas cara o itinerario de ensinanzas aplicadas de 4º de ESO). Se pensas facer FP.

Ten en conta que, en xeral, as matemáticas académicas son más amplas e profundas e as matemáticas aplicadas teñen un caráter máis práctico. Se que ver as diferencias investiga nestes enlaces:

https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/to/moea

https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/to/maep

Aínda que podes cambiar de opción en 4º, o que escollas en 3º te prepará mellor para un dos itinerarios de 4º. OLLO! Se elixes mat. aplicadas en 3º e queres cambiar para matemáticas académicas en 4º, pode que non contes cos coñecementos previos e teñas máis dificultade en superar esta materia de 4º .

# Concluíndo......

Como ves en **3º de ESO** terás que escoller varias opcións:

- Relixión ou Valores Éticos
- 2ª Lingua estranxeira ou Cultura Clásica
- Matemáticas académicas ou Matemáticas aplicadas

En 4º curso de ESO debes escoller un dos dous itinerarios:

**4º ESO**

Mónica Diz Orienta

- OPCIÓN ENSINANZAS ACADÉMICAS (con matemáticas académicas) ⇒ Acceso a Bacharelato
- OPCIÓN ENSINANZAS APLICADAS (con matemáticas aplicadas) ⇒ Acceso a Formación Profesional

# E despois de 3º….que?

## COMO SE ESTRUTURA 3º E 4º DE ESO

### 3º ESO

- Bioloxía e Xeoloxía (2h)
- Física e Química (2h)
- Xeografía e Historia (3h)
- Lingua Castelá e Literatura (3h)
- Lingua Galega e Literatura (3h)
- Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- Educación Física (2h)
- Música (2h)
- Tecnoloxía (2h)
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h)
- Titoría (1h)

***ELIXIR UNHA***

- ❑ Matemáticas académicas (4h)
- ❑ Matemáticas aplicadas (4h)

***ELIXIR UNHA***

- ❑ Segunda Lingua Estranxeira (2h)
- ❑ Cultura Clásica (2h)

***ELIXIR UNHA***

- ❑ Relixión (1h)
- ❑ Valores Éticos (1h)

### 4º ESO

#### OPCIÓN DE ENSINANZAS ACADÉMICAS (Acceso a Bacharelato)

- Xeografía e Historia (3h)
- Lingua Castelá e Literatura (3h)
- Lingua Galega e Literatura (3h)
- Matemáticas Académicas (4h)
- Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- Educación Física (2h)
- Titoría (1h)

***ELIXIR DÚAS***

- ❑ Bioloxía e Xeoloxía (3h) (*)
- ❑ Economía (3h) (*)
- ❑ Física e Química (3h) (*)
- ❑ Latín (3h) (*)

#### OPCIÓN DE ENSINANZAS APLICADAS (Acceso a FP)

- Xeografía e Historia (3h)
- Lingua Castelá e Literatura (3h)
- Lingua Galega e Literatura (3h)
- Matemáticas Aplicadas (4h)
- Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- Educación Física (2h)
- Titoría (1h)

***ELIXIR DÚAS***

- ❑ Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h) (*)
- ❑ Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h) (*)
- ❑ Tecnoloxía (3H)*

***ELIXIR DÚAS***

- ❑ Artes Escénicas e Danza (3h)
- ❑ Cultura Científica (3h)
- ❑ Cultura Clásica (3h)
- ❑ Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h)
- ❑ Filosofía (3h)
- ❑ Música (3h)
- ❑ Segunda Lingua Estranxeira (3h)
- ❑ Tecnoloxías da Información e a Comunicación (3h)
- ❑ Unha materia troncal non cursada da súa opción (3h) (*)

***ELIXIR UNHA***

- ❑ Relixión (1h)
- ❑ Valores Éticos (1h)

Mónica Diz Orienta

# Itinerarios de 4º ESO



# Itinerario ensinanzas académicas
## (orientado ao acceso ao Bacharelato)

**Troncais xerais (obrigatorias):** Xeografía e Historia(3h); Lingua Galega e Literatura (3h); Lingua Castelá e Literatura (3h); Inglés (3h); Educación Física (2h); Titoría (1h) e Matemáticas académicas (4h)

**Troncais de opción:**

Elixir dúas:

- Bioloxía e Xeoloxía (ofrece continuidade para o bacharelato de Ciencias)
- Física e Química (continuidade para Bacharaleto de Ciencias)
- Economía (continuidade para Bach. Humanidades e Ciencias Sociais)
- Latín (continuidade para Bach. Humanidades e Ciencias Sociais)

# Itinerario ensinanzas Aplicadas

## (Orientado para o acceso a FP)

- **Troncais xerais (obrigatorias):** Xeografía e Historia (3h); Lingua Galega e literatura (3h); Lingua Castelá e Literatura (3h);Inglés (3h); Educación Física (2h); Titoría (1h); Matemáticas Aplicadas (4h)
- **Troncais de opción:**

Elixir dúas:

- Ciencias Aplicadas á actividade profesional
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
- Tecnoloxía

Si queres consultar algunha materia pincha no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/to

# Materias especificas 4º ESO

## (para ambos itinerarios)

No noso Centro podes escoller dúas de entre:

- Cultura científica
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (continuidade para Bach Artes)
- Música (ofrece continuidade para bacharelato de Artes)
- Segunda lingua Estranxeira
- TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación

Ten en conta que no noso Centro as materias de TIC, Ed. Plástica e Visual serán impartidas en inglés.

Consultar os contidos das materias no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/secundaria/materias/es

# 1º curso de bacharelato

1º BACHARELATO

| CIENCIAS | HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS | | ARTES |
|---|---|---|---|
| **CATRO MATERIAS TRONCAIS XERAIS** | | | |
| | Itinerario de Humanidades | Itinerario de Ciencias Sociais | |
| Filosofía<br>Lingua Castelá e literatura I<br>Primeira Lingua estranxeira I<br>**Matemáticas I** | Filosofía<br>Lingua Castelá e literatura I<br>Primeira Lingua estranxeira I<br>**Latín I** | Filosofía<br>Lingua Castelá e literatura I<br>Primeira Lingua estranxeira I<br>**Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I** | Filosofía<br>Lingua Castelá e literatura I<br>Primeira Lingua estranxeira I<br>**Fundamentos da Arte I** |
| **UNHA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA OBRIGATORIA** | | | |
| Lingua galega e literatura I | | | |
| **UNHA MATERIA ESPECÍFICA OBRIGATORIA** | | | |
| Educación Física | | | |
| **DÚAS MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN** | | | |
| Bioloxía e Xeoloxía<br>Debuxo Técnico I<br>Física e Química | Economía<br>Historia do Mundo Contemporáneo<br>Grego I<br>Literatura Universal | | Cultura Audiovisual I<br>Historia do Mundo Contemporáneo<br>Literatura Universal |
| **MATERIAS ESPECÍFICAS: CURSAR UN TOTAL DE 6 HORAS** | | | |
| **Escoller entre dúas e tres materias** | Análise Musical I (3h)<br>Anatomía aplicada (3h)<br>Cultura Científica (2h)<br>Debuxo Artístico I (3h)<br>Linguaxe e Práctica Musical (3h)<br>Segunda Lingua Estranxeira I (2h)<br>Tecnoloxía Industrial I (3h)<br>Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h)<br>Volume (3h)<br>Relixión (1h)<br>Materia troncal de opción non cursada (4h) | **Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro** (1h)<br>**Materias de Libre Configuración Autonómica:**<br>Antropoloxía (2h)<br>Literaturas Hispánicas (2h)<br>Robótica (2h) | |

Mónica Díz Orienta

**Si fago 4º de ESO polo itinerario de Ensinanzas Aplicadas, podo facer despois, un bacharelato, e viceversa?**

No momento actual **SI,** xa que a Reválida (proba final de etapa) que estaba prevista ao finalizar o 4º era a que determinaba o acceso ao bacharelato ou FP, esta suspendida. Pero aínda así, tes que pensalo ben! Os itinerarios de 4º de ESO orientan cara estudos posteriores, polo que estará mellor preparados para afrontar un Bacharelato aquel alumnado que realice o Itinerario de Ensinanzas académicas de aquel que o fixera polo Itinerario de Ensinanza Aplicadas.

# Se non progreso adecudamente, que podo facer?

Algunhas medidas como:

- PMAR( Programa para a Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento). Para cursar 2º u 3º curso, agrupando materias en ámbitos de coñecemento, en grupos de 10 alumnos-as como máximo)

- FP básica: a partir de 2º ou 3º de ESO podes ser proposto polo equipo docente para cursar unha Formación Profesional Básica.
- Probas de acceso a ciclos formativos de grado medio, si tes 17 anos ou os cumpres este ano. De superar a proba continuarás estudos de FP de grado medio sen necesidade de obter o título de ESO.

# PMAR

## PMAR

### Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento

| CARACTERÍSTICAS | REQUISITOS |
|---|---|
| Un **cambio na metodoloxía** de ensino a favor daqueles alumnos e alumnas, que por causas diversas, atópanse con dificultades para ir superando a ESO, NON IMPUTABLES Á SÚA FALTA DE ESFORZO. | •Preferentemente presentar **dificultades relevantes de aprendizaxe** non imputables a falta de estudo ou esforzo.<br><br>•**Ter repetido** cando menos un curso en primaria ou en ESO.<br>•Ser proposto polo equipo docente.<br><br>• Para facer 2ºPMAR: Ter **cursado 1º curso de ESO** non estar en condicións de promocionar ao 2º curso.<br><br>• Para facer 3º PMAR:Ter **cursado 2º curso de ESO** e non estar en condicións de promocionar ao 3º curso.<br><br>•Aqueles alumnos que, **cursando 3º ESO**, non estean en condicións de promocionar ao 4º curso, poderán incorporarse a un PMAR para repetir 3º curso. |
| Organízase un grupo entre **5 e 10 alumnos/as** ós cales se lle ofrecen axudas para que poida superar esas dificultades e así poder superar todas as materias. | |
| Poden durar **un ou dous** cursos. | |
| As principais materias organízanse en **ámbitos** que agrupan varias materias e son impartidos por un só profesor. | |
| Os criterios de promoción son os mesmos que en ESO. Con máis de dúas materias suspensas no se pode promocionar. | |

Mónica Diz Orienta

O alumnado que curse o PMAR promocionará ao 4º curso se **supera todos os ámbitos e materias** que integran o programa.

**CRITERIOS de promoción para o alumnado procedente de PMAR**

O alumnado que acceda a un PMAR con materias pendentes de cursos anteriores realizará as **actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas** ó longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados

Poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña **avaliación negativa nunha ou dúas materias**, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte.

Mónica Diz Orienta

# FP Básica

## A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

**QUE É?**

- Un nivel da FP para inciarse nunha profesión.
- Dura dous cursos: 1º e 2º

**QUE TITULACIÓN SE ACADA?**

- O título de Formación Profesional Básico
- O título de FP Básica ten os mesmos efectos laborais que o título de ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

**QUE SAÍDAS TEN?**

- Ciclos de FP de Grao Medio, con preferencia para as familias profesionais relacionadas.
- Inserción no mercado laboral de xeito cualificado.
- Posibilidade de obter o título de ESO.

Mónica Diz Orienta

**CALES SON OS REQUISITOS PARA ACCEDER?**

- Ter entre 15 e 17 anos no ano de comezo do programa. De quedar prazas vacantes pódese acceder con 18 ou máis idade.
- Ter cursado o 3º ESO, excepcionalmente, ter cursado 2º ESO.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

# Que módulos se estudan no programa?

**Módulos asociados a unidades de competencia** do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Mónica Diz Orienta



**Módulos asociados a bloques comúns:**

- **Módulo de comunicación e Sociedade I e II** (Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Ciencias Sociais)
- **Módulo de Ciencias Aplicadas I e II** (Matemáticas e Ciencias Aplicadas ao contexto persoal e ao campo profesional)
- **Módulo de Formación en Centros de Traballo** (FCT)
- **Titoría semanal.**

Mónica Diz Orienta

# OFERTA DE FP BÁSICA

- **Administración e xestión:**
  Servizos administrativos
- **Agraria:**
  Agroxardinaría e composicións florais
  Actividades agropecuarias
  Aproveitamentos forestais
- **Artes gráficas:**
  Artes gráficas
- **Comercio e márketing:**
  Servizos comerciais
- **Electricidade e electrónica:**
  Electricidade e electrónica
  Instalaciónse electrotécnicas e mecánica
- **Edificación e obra civil:**
  Reforma e mantemento de edificios
- **Fabricación mecánica:**
  Fabricación e montaxe
  Fabricación de elementos metálicos
- **Hostalaría e turismo:**
  Cociña e restauración
  Aloxamento e lavandaría
  Actividades de panadaría e repostería
- **Informática e comunicacións:**
  Informática e comunicacións
  Informática de oficina

Mónica Diz Orienta

- **Imaxe persoal:**
  Peiteado e estética
- **Industrias alimentarias:**
  Industrias alimentarias
- **Instalación e mantemento:**
  Mantemento de vivendas
- **Madeira, moble e cortiza:**
  Carpintaría e moble
- **Marítimo-pesqueiras:**
  Actividades marítimo-pesqueiras
- **Servizos socioculturais á comunidade:**
  Actividades domésticas e limpeza de edificios
- **Téxtil, confección e pel:**
  Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel
  Tapizaría e cortinaxe
- **Transporte e mantemento de vehículos:**
  Mantemento de vehículos
- Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
- **Vidro e cerámica:**
  Vidraría e olaría

SE QUERES SABER MÁIS DE FP BÁSICA PINCHA NESTE ENLACE

Queda claro que calquera alumno vai a ter a oportunidade de titular se mostra o interese e o esforzo correspondente.

# PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN ESO

Poderase **repetir** o mesmo curso unha soa vez. Poderase repetir dúas veces como máximo dentro da etapa.

**Excepcionalmente**, un alumno ou alumna poderá repetir unha segunda vez (tripitir) en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (**ata os 19 anos**).

Os alumnos **promocionarán** de curso cando superasen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo.

**Repetirase curso** con avaliación negativa en 3 ou máis materias, ou en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.

As materias coa **mesma denominación** en diferentes cursos da ESO consideraranse como **materias distintas.**

Quen promocione sen superar todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que establezcan.

Mónica Diz Orienta

Na situación actual, creada polo COVID-19, os criterios de promoción e titulación se flexibilizarán seguindo as instrucións dadas pola Consellería de Educación.

Si aínda tes dúbidas pode escribir a rosags@edu.xunta.gal

Se queres completar a información podes visualizar as presentacións de "Orientación académica 4º" sobre bacharelato e FP.